

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Maria Xosé Porteiro García

Vicepresidente:

Don Fernando de Andrés Alonso

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 17 de decembro de 2019, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro piso, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 10 de decembro de 2019, ten lugar a XXXVII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Pon en coñecemento dos presentes que a representante da FEGAMP comunicou a imposibilidade de asistencia.

Constátase a existencia de quórum

suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 26 de novembro de 2019.

Constátase o envío da acta da sesión XXXVI . Estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/115/19	Arquivo por Desistencia
RSCTG/150/19	Estimación

Nº	Sentido
RSCTG/158/19	Estimación
RSCTG/161/19	Arquivo por Desistencia

RSCTG/151/19	Estimación
RSCTG/152/19	Arquivo por Desistencia
RSCTG/153/19	Estimación parcial
RSCTG/154/19	Desestimación
RSCTG/157/19	Estimación parcial

RSCTG/162/19	Arquivo por Desistencia
RSCTG/163/19	Inadmisión
RSCTG/169/19	Dilixencia de arquivo
RSCTG/174/19	Inadmisión

Respecto do expediente RSCTG 153/19, a Comisión acorda dar trámite de audiencia ao interesado.

Respecto dos expedientes RER 1/19 e RER 2/19, a Comisión acorda solicitar ao interesado que manifieste expresamente si o seu desestimento presentado referente ás queixas, reclamacións e solicitudes, afecta tamén aos recursos extraordinarios de revisión presentados

4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 28 de xaneiro de 2020 ás 12.00 horas.

5. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.15 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

María Xosé Porteiro García
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia